



Contrato de subministración Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
Documento CON13I1L9	Expediente CON/84/2018	Data Creación: 03-10-19 08:50

ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Subministración de dous vehículos lixeiros para o servizo de extinción de incendios e salvamento do Concello de Santiago de Compostela.

TIPO DE LICITACIÓN:

Lote I: 51.488,88 euros IVE incluído.

Lote II: 46.975,83 euros IVE incluído.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 3 de outubro, ás 9:45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Gonzalo Muíños Sánchez.

Vogais: Berta Rosón Ferreiro, en representación da intervención municipal.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe de sección de Contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	CIF	NOME DO LICITADOR
1	27/09/2019	A15532690	COMPOSTELA MÓVIL S.A.

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte do único licitador, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que a aporta correctamente cumprimentada.

A continuación lévase a cabo á apertura pública dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación relativa aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO TOTAL OFERTADO (euros IVE incluído)	PRAZO DE EXECUCIÓN	MELLORAS
1	COMPOSTELA MÓVIL SA	Lote I: 51.467,94 Lote II: 46.961,14	45 días	8 horas formación 2 perrillos suxección

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador COMPOSTELA MÓVIL SA, que oferta un importe de 51.467,94 euros IVE incluído para o lote I e de 46.961,14 euros IVE incluído para o lote II, para que dentro do prazo de sete días hábiles a contar desde o día seguinte ao da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente

Contrato de subministración Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I1L9	<i>Expediente</i> CON/84/2018	<i>Data Creación:</i> 03-10-19 08:50

no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.55 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**



O SECRETARIO DA MESA

